

**CUESTIONARIO DE ESTÍO
PARA O DIARIO CULTURAL DA RADIO GALEGA (xullo 2009)**

1.- Un lugar para pasear:

A SELVA NEGRA SUBINDO DESDE FRIBURGO DE BRISGOVIA, PARA VER QUE O DANUBIO É UN RÍO TAN PEQUENO COMO O BARCÉS.

OUTRO: A COSTA ESCOCESA ENTRE OS PUNTOS NOS QUE SE VEN AS ILLAS ORCADAS E AS ILLAS HÉBRIDAS.

2.- Un motivo para facer o que fai:

SE ESTA PREGUNTA É EQUIVALENTE A “UN MOTIVO PARA TRABALLAR NO QUE TRABALLA”, E CALCULO QUE SI, A RESPOSTA TRISTEMENTE SE VAI APROXIMANDO CADA DÍA MÁIS A ESTA: “PARA GARANTIR A PENSIÓN”.

3.- A que lle gustaría dedicarse de non facer o que fai:

AO MECENADO. OU NO SEU DEFECTO AO PIRAGÜÍSMO.

4.- Que episodio ou acontecemento da historia da cultura lle resulta máis suxerente?

TODO O QUE ENTRECRUZOU NOS DEBATES RIANXEIROS DOS PRIMEIROS ANOS VINTE DO SÉCULO PASADO ENTRE OS MEMBROS DA FAMILIA CASTELAO, OS DA FAMILIA DIESTE E MANUEL ANTONIO. SE TIVISEMOS UNHA CINEMATOGRAFÍA PROPIA ALGUÉN O FILMARÍA.

5.- Que parte da historia da cultura galega reescribiría? Como a reescribiría?

REESCRIBIRÍA O PRESENTE. É O ÚNICO MOMENTO QUE ESTOU CAPACITADO PARA REESCRIBIR. REESCRIBIRÍAO REFORMULANDO AS RELACIÓNS ENTRE O CAMPO CULTURAL E O CAMPO DO PODER. PROPOÑO ALGO CONCRETO E DOADO: XOGARMOS A ALGO SEMELLANTE AO QUE APARECE NA NOVELIÑA DE MARK TWAIN “O PRÍNCIPE E O MENDIÑO”. ABONDARÍA CON ISO, FINAL INCLUÍDO, O CAL DEMOSTRA QUE UN NON É MOI REVOLUCIONARIO QUE SE DIGA.

6.- Con que personaxe de ficción simpatiza?

TODOS SOMOS FICCIÓN PARA ALGUÉN E ADEMAIS UN VAI MUDANDO SIMPATÍAS COA IDADE. Eu puiden TELAS NOUTRO TEMPO POLOS

ARGONAUTAS. E TAMÉN POR STEPHEN DEDALUS E POR ADRIÁN SOLOVIO. E POR FÉLIX MURIEL E POR MARÍA BALTEIRA. E POR PROCUSTO E A SÚA TEIMA DE MEDIR A MEDIDA. E POLA INOCENCIA QUE MEDIA E FULMINA ENTRE MARGARETE E SULAMITA NO POEMA “TODESFUGE” DE PAUL CELAN. ULTIMAMENTE TÉÑOAS POR CAMBRIA E POR ISAÍAS MELK, QUE SAEN NO LIBRO *SECESIÓN*, DE CHUS PATO, E LEVAN CHÓFER.

7.- Que protagonista ou feito histórico cre que está esquecido e debería recuperarse?

ESTOU CONVENCIDO DE QUE O FEITO HISTÓRICO MÁIS ESQUECIDO É A IMPUNIDADE. TEMOS QUE ESCRIBIR UNHA HISTORIA UNIVERSAL DA IMPUNIDADE. POR CERTO, BORGES É OUTRO PERSONAXE DE FICCIÓN CO QUE ALGÚNS DÍAS SIMPATIZO.

8.- Fai turismo cultural?

O QUE EU FAGO É ARTURISMO VIAL, ACTIVIDADE CONSISTENTE EN VIVIR NUN SITIO, TRABALLAR NOUTRO E SOÑAR NO MEDIO, ENTRE PEAXE E PEAXE.

9.- Queremos pensar. Que obra (literaria, de investigación, musical, artística...) nos aconsellería? Por qué?

SON MÁIS ICONOCLASTA DO QUE CONVÉN A UN PROFESOR DE LITERATURA. SUXIRO QUE QUEN POIDA VEXA A OBRA PICTÓRICA ÚLTIMA DE ANSELM KIEFER, UN PINTOR ALEMÁN QUE SE VINCULA CO NEO-EXPRESIONISMO E QUE PINTA E CONSTRÚE CAMPOS DEVASTADOS (DE GUERRA? DE CONCENTRACIÓN? AGROPECUARIOS? TEMÁTICOS?) EN CADROS DE ENORME FORMATO. INTERÉSAME POLO XEITO NO QUE INCORPORA A IMPUNIDADE SOBRE A NOSA INOCENCIA COMO ESPECTADORES.

10.- Que lle gustaría conmemorar tal día coma hoxe do ano 2019?

QUE NON HAI FAME NIN POBREZA NO MUNDO.